

AXUDAS

**PROGRAMA DE APOIO Á
RECUPERACIÓN DE NEGOCIOS
EN CRISE OU SEN REMUDA
XERACIONAL MEDIANTE
FÓRMULAS DE ECONOMÍA
SOCIAL**

Convocatoria 2021- 2022

Páxina 3	NORMATIVA REGULADORA FINALIDADE ENTIDADES BENEFICIARIAS
Páxina 4	CONCEPTOS SUBVENCIONABLES
Páxina 5	COMPATIBILIDADES PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES
Páxina 6	TRAMITACIÓN E RESOLUCIÓN PAGAMENTO ANTICIPADO EXECUCIÓN XUSTIFICACIÓN FINANCIAMENTO

IMPORTANTE:

A información que se ofrece neste documento é un resumo que non substitúe a orde de bases reguladoras.

Antes de presentar a solicitude de subvención debe consultar a orde na súa versión íntegra.

NORMATIVA REGULADORA

Orde do 4 de agosto de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de apoio á recuperación de negocios en crise ou sen remuda xeracional mediante fórmulas de economía social, se procede á súa convocatoria para o 2021 - 2022 (código de procedemento TR802R) (DOG núm. 158 do 18 de agosto de 2021).

FINALIDADE

Apoiar a recuperación de negocios en crise ou sen remuda xeracional, mediante fórmulas de economía social, destinadas a impulsar a actividade económica e a remediar a grave perturbación que provocou a COVID-19 na economía galega.

ENTIDADES BENEFICIARIAS

Sociedades laborais ou cooperativas, previstas no artigo 6 da Lei 6/2016, de 4 de maio, da economía social de Galicia, **xurdidas de sociedades de capital, sociedades civís, asociacións que estiveran desenvolvendo unha actividade económica ou persoas autónomas preexistentes, a través dalgún proceso de transformación** dos que se detallan a continuación:

- a) **Procesos de adquisicións de activos de sociedades mercantís de capital nun proceso regulado de disolución e liquidación societario**, coa finalidade de fomento da actividade económica polas persoas

traballadoras da sociedade mercantil disolta en liquidación, mediante a constitución dunha nova entidade de Economía Social.

- b) **Procesos de adquisición de activos da titularidade dunha persoa ou entidade concursada**, ou dunha ou varias unidades produtivas da mesma, **durante a fase común ou a fase de liquidación dun procedemento concursal** coa finalidade de fomento da actividade económica polas persoas traballadoras da concursada con contrato laboral extinguido a través dunha entidade de nova constitución.
- c) No caso de **ausencia de remuda xeracional**:
 - I. **Procesos de adquisición da totalidade do capital integrante dunha sociedade civil ou de capital, mediante compravenda das súas participacións ou accións por parte das súas persoas traballadoras**, coa finalidade de levar a termo a continuación total ou parcial do seu obxecto social previa adopción, elevación a público e inscrición dos acordos de modificación ou reestruturación estatutaria ou societaria precisos para a súa transformación en sociedade laboral ou Cooperativa.
 - II. **Procesos de adquisición do negocio dunha persoa autónoma por parte das súas persoas traballadoras**, coa finalidade de levar a termo a continuación total ou parcial do mesmo previa adopción, elevación a público e inscrición dos acordos estatutarios precisos para a súa transformación en sociedade laboral ou Cooperativa.

PROGRAMA DE APOIO Á RECUPERACIÓN DE NEGOCIOS EN CRISE OU SEN REMUDA XERACIONAL

- d) **Constitución “ex novo” de sociedades de carácter laboral ou unha cooperativa integradas total ou parcialmente polas persoas traballadoras cuxos contratos resultasen extinguidos por causa de crise ou xubilación da persoa empregadora.**

CONCEPTOS SUBVENCIONABLES

1. **A adquisición de activos esenciais** para o óptimo funcionamento da nova entidade:

- Activos materiais novos ou de segunda man adquiridos polas Sociedades Laborais/Cooperativas resultantes que formen parte do inmovilizado das sociedades limitadas a extinguir e transformar:
 - Terreos
 - Construcións
 - Instalacións técnicas
 - Ferramentas
 - Equipamento de oficina
 - Equipos informáticos
 - Elementos de transporte
 - Existencias
- Activos inmateriais para a incorporación de novas tecnoloxías da información e as comunicacións:
 - Desenvolvemento e/ou adquisición de software para venda de produtos e/ou prestación de servizos en liña.
- Outras inversións:
 - Reforma de locais de negocio.

Estas inversións serán subvencionables hasta o 80 % do seu coste de adquisición, excluído o IVA e demais tributos exixibles, non podendo superar os 40.000 €.

2. **O asesoramento preciso no cumprimento das obrigacións legais e no proceso de planificación e valoración económica previa ao proceso de transformación** provistos por parte de profesionais coa debida acreditación (avogados colexiados que exercen, economistas colexiados ou ben ás entidades que cumpran os requisitos de experiencia e formación acreditada en economía social):

- Asesoramento no cumprimento das obrigacións legais que acompañan ao proceso de transformación:
 - Asesoramento legal para a transformación da Sociedade de Capital en Cooperativa ou Sociedade laboral.
 - Rexistro e notaría.
- Asesoramento no proceso de planificación e valoración económica previa ao proceso de transformación:
 - Plan de viabilidade da nova entidade (obrigatorio).
 - Informe de due diligence.

Estes asesoramentos serán subvencionables hasta o 80 % do seu coste, excluído o IVA, e cun máximo de 10.000 €.

3. **Os servizos de profesionalización, planificación e desenvolvemento estratéxico** vinculados cos seguintes gastos:

PROGRAMA DE APOIO Á RECUPERACIÓN DE NEGOCIOS EN CRISE OU SEN REMUDA XERACIONAL

- Investigacións de mercado e análise de potencial competitivo.
- Plan de marketing, de comunicación ou de relanzamento comercial.
- Plan de futuro e de mellora do negocio.
- Plan de uso das novas tecnoloxías no negocio e/ou de optimización da produción.
- Plan de xestión financeira.
- Obtención de certificacións de calidade.
- Desenvolvemento de páxinas web.
- Creación e desenvolvemento da imaxe corporativa.

Estes servizos serán subvencionables hasta o 80 % do seu coste, ou un máximo de 10.000 €.

4. Os gastos correntes nos que incorra a entidade transformada nos doce meses seguintes a súa nova constitución.

Estes gastos serán subvencionables hasta o 80 % do seu coste e cun máximo de 10.000 €.

A subvención ascenderá a un máximo de 50.000,00 euros con carácter xeral por entidade transformada.

Esta contía poderá incrementar nas seguintes porcentaxes que poderán ser acumulables entre si:

- a) Un 10% no caso de sociedades laborais ou cooperativas xurdidas dun proceso de transformación encadradas no suposto recollido no artigo 6.1.c).
- b) Un 10% no caso de que o centro de traballo da entidade transformada estea situado nun concello rural.

- c) Un 10% no caso de empresas orientadas á elaboración e venda de produtos.

COMPATIBILIDADES

Esta subvención é incompatible coas subvencións establecidas nos diferentes programas dirixidos ao apoio a iniciativas de emprego, sempre que haxa identidade entre os mesmos conceptos subvencionables.

É compatible coa percepción da prestación contributiva por desemprego na modalidade de pago único, así como coas bonificacións de cotas á Seguridade Social que se establezan na normativa estatal, sempre que a relación laboral coa antiga persoa empregadora estea finalizada de forma involuntaria.

Así mesmo, tamén será compatible coas axudas previstas nos dous programas de Aprox-Economía social.

PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia: <https://sede.xunta.gal>.

PRAZO DE PRESENTACIÓN

Desde o día seguinte á data de publicación da orde no DOG ata o 30 de setembro de 2021

TRAMITACIÓN E RESOLUCIÓN

O órgano instructor competente dos expedientes é a Subdirección Xeral de Economía Social.

A competencia para coñecer e resolver as solicitudes das subvencións é a Dirección Xeral de Emprego, Tránsito Autónomo e Economía Social.

PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN

Concurrencia non competitiva

PAGAMENTO ANTICIPADO

Poderanse realizar pagamentos anticipados, suxeitos ás seguintes condicións:

- Anticiparse hasta o 90 % do importe da subvención concedida en cada anualidade.
- As entidades beneficiarias quedarán exoneradas da constitución de garantía.
- O pago realizarase de oficio previa aceptación da subvención por parte da entidade beneficiaria.

EXECUCIÓN

PERÍODO DE EXECUCIÓN

Desde o 01/01/2021 ata o 30/09/2022

Coa seguinte distribución por anualidades:

- Anualidade 2021: do 01/01/2021 ao 30/10/2021
- Anualidade 2022: do 01/11/2021 ao 30/09/2022

XUSTIFICACIÓN

As entidades beneficiarias deberán presentar a documentación que se exige na resolución de concesión, xustificando o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos percibidos.

DATAS MÁXIMAS DE XUSTIFICACIÓN

- O 3 de decembro de 2021 para a xustificación da **anualidade 2021**
- O 30 de outubro de 2022 para a xustificación da **anualidade 2022**

FINANCIAMENTO

Esta convocatoria está dotada con 2.500.000 euros, financiados con fondos finalistas do Estado con cargo aos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia. A distribución inicial de créditos por anualidades é:

- 2021: 500.000,00€
- 2022: 2.000.000,00€.

MÁIS INFORMACIÓN

DIRECCIÓN XERAL DE EMPREGO, TRABALLO AUTÓNOMO E ECONOMÍA SOCIAL

SUBDIRECCIÓN XERAL DE ECONOMÍA SOCIAL SERVIZO DE PROMOCIÓN DA ECONOMÍA SOCIAL

981 544 784 · 881 999 268

Xefatura Territorial da Coruña
Avda. Salvador de Madariaga, 9
15071 A Coruña
981 185 895

Xefatura Territorial de Ourense
Avda. de la Habana, 79
32071 Ourense
988 386 401

Xefatura Territorial de Lugo
Rolda da Muralla, 70
27071 Lugo
982 294 290

Xefatura Territorial de Vigo
Concepción Arenal, 8
36201 Vigo
986 817 695

empregoigualdade.xunta.gal
economiasocial.emprego@xunta.gal

eusumo.gal
info@eusumo.gal